



## O Parlamento de Galicia celebra os 100 anos da súa sede

- A presidenta da Cámara, Pilar Rojo destaca a “influencia decisiva” do edificio no seu contorno e no conxunto da trama urbana de Santiago
- O Pazo do Hórreo, inaugurado o 2 de outubro de 1915 para albergar unha Escola de Veterinaria, co paso do tempo “acabou revelándose como unha obra funcional e versátil” que respondeu satisfactoriamente aos diferentes usos que acolleu

**Santiago, 2 de outubro de 2015.-** Tal día como hoxe, hai 100 anos, o Pazo do Hórreo, actual sede do Parlamento de Galicia, foi inaugurado para albergar unha Escola de Veterinaria. A efeméride foi recordada cunha xornada conmemorativa inaugurada pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, e polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, na que expertos de diferentes ámbitos abordaron cuestións relacionadas coa historia, a arquitectura e os diferentes usos do edificio durante este tempo.

Na súa intervención, a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo lembrou que o edificio foi impulsado por Eugenio Montero Ríos e apuntou que o século transcorrido desde a inauguración do mesmo acredita a “influencia decisiva que esta construción ten exercido sobre o seu contorno inmediato, pero tamén sobre o conxunto da trama urbana de Santiago de Compostela”.

### **Tres usos diferentes: docente, militar e institucional**

Rojo Noguera apuntou tamén que 100 anos despois de inaugurado, o edificio conserva a súa estrutura inicial e sen ter sido sometido a grandes reformas “foi quen de acoller satisfactoriamente tres usos diferentes: docente, militar e institucional”.

Así, o edificio inaugurado en 1915 para acoller unha Escola de Veterinaria pasou, desaparecida esta, ao Exército en 1925 e tivo uso



militar ata a década dos oitenta do século pasado. Entre 1921 e 1924 compartiu sede coa Misión Biolóxica de Galicia.

No ano 1986, a Xunta de Galicia mercou o edificio ao Ministerio de Defensa para convertelo en sede oficial do Parlamento de Galicia. Logo foi sometido a un proceso de rehabilitación para adaptalo como sede do legislativo galego. O Parlamento de Galicia ten a súa sede oficial e definitiva no Pazo do Hórreo desde o ano 1989.

## Programa

Despois das intervencións inaugurais da Xornada a cargo da presidenta do Parlamento e do vicepresidente da Xunta tomou a palabra o catedrático de Historia Contemporánea da USC e presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, que disertou sobre *Eugenio Montero Ríos e a Galicia do seu tempo*. Montero Ríos foi o impulsor da construción do edificio da Escola de Veterinaria. De seguido, José Ramón Soraluze Blond, catedrático de Composición Arquitectónica da Universidade da Coruña, falou sobre *O pazo do Hórreo, arquitectura e autores*.

A xornada conmemorativa continúa cunha mesa redonda moderada por Xosé Luis Barreiro Rivas, profesor de Ciencias Políticas da USC, na que se analizarán os diferentes usos do edificio ao longo da súa historia. Participarán nesta mesa redonda Diego Conde Gómez, da Asociación de Historia da Veterinaria en Galicia (HISVEGA), que centrará a súa intervención no uso do edificio como Escola de Veterinaria; Juan Rodríguez Villasante, coronel de Intendencia retirado e membro do ICOMOS, que falará sobre a utilización do edificio como cuartel militar; e Tomás Pérez Vidal, expresidente do Parlamento de Galicia, que se centrará no uso do Pazo do Hórreo como sede do Legislativo galego.

## Exposición

Coincidindo coa celebración da xornada, no pazo do Hórreo pode visitarse unha pequena exposición integrada por paneis explicativos sobre as orixes do edificio a partir de diverso material, algún cedido



polo Arquivo Intermedio Militar Noroeste de Ferrol; reproducións de informacións publicadas no xornal *La Voz de Galicia* sobre a inauguración; e material clínico e publicacións cedidas temporalmente polo Museo de Veterinaria Militar e polo Colexio de Veterinarios da Coruña.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.